



SALCEDA

Esta parroquia chámana tamén Picoña, pero é máis coñecida por Salceda. Recoñece por Patrón tutelar ao Mártir natural de Capadocia Sn. Xurxo, ao que antigamente nomeaban Sn. Jurjo. Celebran a festa no seu día propio, 23 de Abril. Componse a súa poboación de 88 veciños, que son súbditos polo contencioso ao Xuíz que aquí hai, e polo político e gubernativo ao de Salceda. Valen os seus décimos 10.000 reais anuais, que goza insolidum o Párroco. Ten Casa Reitoral e Igrexario conxunto a ela de 46 ferrados de pan en semente; e por separado percibe de renda foral en cada ano medio ferrado de trigo, medio de centeo, 2 de miúdo, 3 de millo e 92 reais en diñeiro. A fábrica da Igrexa cobra 1 ferrado de trigo, 1 de centeo e 1 de miúdo. Este Beneficio é de presentación dos Troncosos Señores da Picoña. Antigamente estivo incorporado en clase de anexo á parroquia de Parderrubias, a onde xa o estaba antes do ano 1502, e desmembrouse dela íntotum o 28 de Abril de 1739, colocando aquí Abade independente de aquela. Atópase nesta feligresía a Casa e Morgado de Piedradagua con capela de Sn. Xoán Bautista, que hoxe posúen os Sres. Condes de Sn. Roman. Dista de Tui segua e cuarto." (Ávila y La Cueva, 323-324).



212

SAN XURXO

Igrexa parroquial

Esta parroquia foi anexo de Parderrubias ata o ano 1739, no que o 28 de abril foi erixida como parroquia independente polo bispo D. Fernando Ignacio de Arango y Queipo, pero permanecendo o dereito de presentación por parte da casa dos Troncoso.

O seu **escudo** (214) (da familia Troncoso e Sotomaior) estaba na primitiva igrexa como sinal deste dereito, e consérvase nunha parede do baixo do actual templo parroquial como testemuña e recordo daquela.

A primitiva igrexa da parroquia estaba situada onde agora ten o cemiterio parroquial.

No ano 1853 o seu estado xa non era moi bo, pois foi enviado o canteiro Alejandro Barreiro como perito para facer unha valoración dos desperfectos que tiña a capela maior da igrexa.

Tamén foi o pintor Xacobo Andrés Páez de la Iglesia para valorar a reparación do altar maior (enténdese o retablo).

No ano 1963 encárganse os planos da nova igrexa ao arquitecto D. Fernando Araújo Rodríguez, solicitándolle que sexa unha igrexa dunha soa nave e adosada á súa dereita outra menor con dependencias auxiliares.

Os terreos para a nova edificación eran os do adro da capela de Sta. Bárbara, no barrio de Vendanova. Algúns terreos houbo que compralos aos veciños.

Para poder financiar a obra, entre outras medidas, púxose en venda o igrexario. Hoxe en día na abadía hai unha casa rural, conservando algunhas partes da primitiva edificación.

As obras comezan no ano 1966 e rematarán no 1970.

A construción é de formigón, sen estilo definido, e recuberta de pedra nos elementos máis nobres.

A **fachada principal** (211), ao sur, presenta no centro un adiantamento amplo e máis alto onde se acolle a porta principal que é moldurada



e con arco superior. Este arco da parte superior da porta é a única liña curva que se observa en toda a fachada.

Por riba da porta céntrase unha cornixa e no centro un pináculo.

No espazo do paramento que queda interior neste corpo que acolle a porta, sobre unha pilastra, colocouse un **relevo en pedra (215)** coa imaxe do patrón, S. Xurxo.

E dúas prazas de pedra coas letras en relevo que levan esta inscrición: “SAN XURXO” unha, e na outra “CABALEIRO”.

Tanto este corpo adiantado coma o resto do paramento remátanse cunha pequena cornixa moldurada.

Remátase no centro cunha cruz de pedra.

A torre campanario colócase pegada ao lado leste. É un só corpo esvelto de formigón, simulando pilastras nas esquinas, que sostén unha placa moi voada; nel sitúase un caseto aberto nos catro ventos con ocos rectangulares. A cuberta forma unha pirámide moi baixa e remátase con cruz metálica.

No **interior (213)** seguen prevalecendo as liñas rectas. É unha gran nave de planta poligonal cunha ábsida de media circunferencia na cabeceira.

Ten o piso de pedra e as paredes pintadas de branco. Na teitume, tamén en branco, destacan as fortes vigas de formigón que forman a trama da cuberta.

Para acceder ao presbiterio e diferenciar os espazos, colocouse un arco de madeira, moi pouco apuntado, apoiado nun par de semicolumnas pétreas a cada lado.

O paramento circular forrouse de pedra serrada.

No centro, sobre unha columna de pedra, está o Sagrario que se adorna con seis anxos de produción industrial, que o enmarcan. Enriba del está o **Crucificado (216)**.

Neste paramento distribúense catro fornelas planas de pedra, con moldura, e de arco apuntado, sobre peañas tamén de pedra, para colocar as imaxes.

No presbiterio están O Sagrado Corazón, A Virxe co Neno, S. Xosé e **Sto. Antonio de Padua (217)**. Esta última, ao igual que o Cristo, son as que teñen algunha antigüidade. Son do século XVIII, e consérvanse en moi bo estado. As outras tres son as clásicas da primeira metade do século XX.

A sancristía sitúase no lado sur da ábsida.

Tamén conserva da antiga igrexa a **táboa de Ánimas (218)** colocada nun marco para resaltala.

Na nave ten **fornelas (219)** do mesmo estilo que as do presbiterio, de pedra, con moldura, arco apuntado e peaña saínte semicircular.



214



215



O **Patrón, S. Xurxo (212)**, está no lado sur da nave sobre un altar de madeira e colocado nas andas.

Represéntase como o cabaleiro militar que foi segundo a lenda Flos Sanctorum. Mártir do século IV en Nicomedia de Capadocia. Ten casco con penacho e capa, e sobre o seu cabalo branco está a alancear o dragón.

Baixo a igrexa está o salón parroquial, que ocupa aproximadamente a metade da superficie do templo; nel atópase o escudo dos Troncoso, antes mencionado.

Capela de Santa Bárbara (220)

No seu adro, xunto con outros terreos que se compraron aos veciños, edificouse a nova igrexa da parroquia.

Consta que xa no ano 1685 estaba construída e era un lugar de devoción.

Aínda no 1754 era privada dos Señores da Casa Grande de Picoña, os Troncoso de Lira.

No ano 1808 xa dependía directamente da parroquia de S. Xurxo, sendo o párroco o responsable dela, polo que solicita reedificala para poder celebrar Misa nela.

A fachada principal, no oeste, presenta no centro a porta alintelada e aos seus lados dúas pequenas ventás rectangulares e de derrame externo, con rexas. Enriba dela, no lugar do escudo coroadado hai unha fornela elíptica onde se sitúa unha imaxe pétreo da santa. Conserva o adorno exterior do escudo e a coroa.



E un pouco máis alto un pequeno óculo de derrame externo para dar luz á nave.
Remátase con capias e unha cornixa voada baixo a espadana central, de un só oco con arco de medio punto e cruz de pedra no remate.

A sancristía está adosada no lado sur con porta tamén alintelada.

O tellado é a dúas augas e sostense cunha cornixa que percorre os paramentos laterais. No lado sur rómpese contra a sancristía, e continúa logo nesta.

No interior é unha única nave cun pequeno presbiterio no que se sitúa no centro o altar e no paramento un **pequeno retablo (221)**, presidido por Sta. Bárbara. Na peaña esquerda hai outra imaxe da mesma santa.

FESTAS E ROMAXES DE S. XURXO

- San Xurxo: 23 de abril.
- Sta. Bárbara: 4 de decembro e 3º domingo de xuño

